DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 35 | Luns, 20 de febreiro de 2012 | Páx. 6287

## IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

## CONSELLERÍA DE FACENDA

*RESOLUCIÓN do 6 de febreiro de 2012, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, pola que se adoptan diversos acordos.*

Na sesión que tivo lugar o día 6 de febreiro de 2012, o tribunal nomeado pola Orde do 16 de novembro de 2011 (DOG número 221, do 18 de novembro), para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, convocado pola Orde do 21 de xullo de 2011 (DOG número 142, do 26 de xullo), e de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro. Modificar, baseándose nas alegacións presentadas, as puntuacións obtidas no primeiro exercicio da fase de oposición de dous opositores, que quedan como segue:

| DNI | Apelidos e nome | Puntuación |
|---|---|---|
| 34968725P | Ramón Ruiz Nieto | 15,35 |
| 52936488X | Irene López Sampedro | 11,07 |

Segundo. Desestimar na súa totalidade as restantes alegacións presentadas en relación coas puntuacións do primeiro exercicio.

Terceiro. Realizar os trámites oportunos para a publicación destes acordos no recinto da Feira Internacional de Silleda, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

Cuarto. Que o segundo exercicio do proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, se realizará o día 25 de febreiro de 2012 no auditorio do recinto da Feira Internacional de Silleda, en chamamento único que se iniciará ás 11.00 horas.

Os/as aspirantes terán que presentarse provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, ao xuízo do tribunal. Así mesmo, deberán ir provistos/as de lapis do número 2 e goma de borrar.

Cada pregunta contará con catro (4) respostas alternativas, das cales só unha delas será a correcta.

CVE-DOG: lbk0o509-cp93-vvh5-gqp9-sgli77anuwl9

Non se permitirá no recinto onde se realice o exercicio o acceso e tenza de teléfonos móbiles, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico. Así mesmo, queda prohibido o acceso ao recinto con calquera outro material ou instrumento de que se poida valer o/a aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Advírtese que non haberá servizo de recollida de teléfonos móbiles.

Quinto. Contra estes acordos poderá interpoñerse recurso de alzada segundo o previsto nos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2012.

Alfonso Blasco García
Presidente do tribunal

CVE-DOG: lbk0o509-cp93-vvh5-gqp9-sgli77anuwl9